

Sabemos que imos tarde.

Sabemos que pides unha cita no centro de saúde e non hai ata, con sorte, dentro de dúas semanas, iso se é que no teu centro hai médico de atención primaria.

Sabemos que che tocaba unha analítica de control este mes, pero ata o mes que ven non tes cita para poder facela.

Sabemos que segues pendente dunha cita en CardioloXía despois de un ano.

Sabemos que a demencia do teu pai avanza, pero a cita con Neuroloxía non chega.

Sabemos que te chamaron para unha colonoscopia, pero era en Lugo e non puideches ir.

Sabemos que tiñas unha revisión pendente en Medicina Interna, que te chamaron e anuláron varias veces, pero segues pendente de que te vexan.

Sabemos que te mandaron ao HULA en viaxe de ida e volta para a colocación dunha simple sondaxe urinaria porque ese día non había urólogo no teu hospital.

Sabemos que o resultado da túa biopsia segue pendente, pero non hai patólogos para vela e que do atraso no diagnóstico depende o teu pronóstico.

Sabemos que ingresaron a teu pai en Lugo e todo o que iso supón para ti e a túa familia.

Eso non che pasou só a ti, pásalles a todos os doentes da Mariña, e vivímolo e escoitámolo todos os días. Son moitos os doentes que se senten abandonados e desatendidos. Son moitas as veces as que estamos a chegar tarde e os tratamentos non se reciben a tempo. Moitas as citas que se están derivando a Lugo porque os recursos nesta área son insuficientes.

De toda esta situación son responsables directos os xestores, tanto a nivel da Consellería de Sanidade, como a nivel local os xerentes da Área Sanitaria. Precariedade laboral, sobrecarga asistencial, ausencia continuada de escoita activa das necesidades transmitidas polo persoal... todo deriva en fuga de profesionais e ausencia de novas incorporacións e, finalmente plantillas minguadas incapaces xa de dar cobertura ás necesidades da nosa poboación.

Por todo isto, os traballadores do Hospital da Mariña cremos que xa é hora de que nos escoiten e por iso iniciamos este movemento. Saímos todos os días á porta do Hospital a reclamar os recursos humanos e materiais necesarios para que se vos garanta unha atención de calidade.

Non pararemos ata que o SERGAS nos escoite e poña os medios necesarios para reverter esta situación. Pedímosvos a todos os mariñáns e mariñás apoio nesta loita porque XUNTOS TEMOS MÁIS VOZ!